



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente núm./ Expediente nº: 5674/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe/ Resolución con número y fecha establecidos al margen

Procedemento/ Procedimiento: Procedemento Xenérico/ Procedimiento Genérico

Dona Marta María Rouco Seoane, Alcaldesa do Concello de Vilalba, no uso das atribucións competenciais outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entre outros preceptos análogos dispón o que segue:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO/ HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO

Visto que o Concello de Vilalba, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, sendo competencia do Concello, entre outras, según o artigo 25.2.I) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a ocupación do tempo lecer. Neste mesmo sentido se pronuncia a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia a través do artigo 80, sendo competencias do Municipio, entre outras: as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo de lecer e o turismo, así como a execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.

Visto que os municipios exercen dentro das súas competencias e no seu ámbito territorial o fomento e promoción dos programas xerais do deporte e a organización de eventos deportivos de carácter local, según os artigos 8.2 e 8.8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

Visto o interese da da Concelleira de Deportes, Educación, Infancia e Xuventude, Feiras e Mercados, dona Paula Vigo Lamas de organizar o evento deportivo denominado IX Carreira San Silvestre Vilalbesa 2024.

Visto o borrador das bases de inscrición e organización elaboradas polo servizo municipal de deportes.

Vista a urxencia de aprobar as bases de inscrición e participación nesta proba deportiva, tanto para o coñecemento por parte da veciñanza, como para executar os distintos traballos técnicos imprescindibles para a súa correcta celebración en tempo e forma.





Visto que por Decreto da Alcaldía 2024-1244 de data 27/11/2024 procedeuse á aprobación das Bases Reguladoras das Inscricións e Participación na IX Carreira San Silvestre Vilalbesa 2024.

Visto que no artigo 5 das bases apréciase a existencia dun erro nunha das datas de recollida de dorsais:

- “ Sábado 30 de decembro de 15:30 a 16:30 ”

Visto que se trata dun erro material, posto que debería dicir:

- “ Domingo 29 de decembro de 15:30 a 16:30 ”

Visto o contido do artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que permite á administración rectificar en calquera momento os erros materiais de feito ou aritméticos, existentes nos seus actos.

Considerando o disposto no artigo 167.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o cal a tramitación de expedientes nas Corporacións locais deberá simplificarse sempre que sexa posible.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1969 de 2 de decembro de 2024./ Vista la propuesta de resolución PR/2024/1969 de 2 de diciembre de 2024.

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

RESOLUCIÓN

Tendo en conta o anteriormente exposto e considerando que a aprobación das presentes bases é competencia da Alcaldía da Corporación, resolvo:

Primeiro. Rectificar o erro material existente no artigo 5 do anexo na datas de recollida de dorsais segundo o Decreto da Alcaldía 2024-1244 de data 27/11/2024 quedando redactado de tal xeito que onde di:

- “ Sábado 30 de decembro de 15:30 a 16:30 ”

Debe dicir:

- “ Domingo 29 de decembro de 15:30 a 16:30 ”





Segundo. Realizar o evento deportivo denominado IX Carreira San Silvestre Vilalbesa 2024.

Terceiro. Aprobar as Bases reguladoras das inscricións e participación no citado evento que figuran como anexo á presente resolución.

Cuarto. Publicar ditas bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal.

Quinto. Convocar a reunión de seguridade cunha antelación mínima de 5 días hábiles antes da celebración da proba deportiva.

Sexto. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a súa notificación aos terceiros interesados no expediente.

Sétimo. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así como dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Vilalba, na data indicada na firma electrónica. A alcaldesa do Concello de Vilalba, Dona Marta María Rouco Seoane.

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 3671/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0543, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE/ DOCUMENTO FIRMADO
ELECTRÓNICAMENTE**



IX SAN SILVESTRE VILALBESA

AGASALLO PARA OS PARTICIPANTES

DOMINGO
29
DECEMBRO 2024

PRAZA DA
CONSTITUCIÓN
A PARTIR
DAS 16:30H.



INSCRIPCIÓN: ATA O 23 DE DECEMBRO DO 2024
WWW.CHAMPIONCHIPNORTE.COM



Concello de Vilalba





Concello de Vilalba

BASES DE INSCRIPCIÓN E PARTICIPACIÓN NA IX CARREIRA-ANDAINA “SAN SILVESTRE VILALBESA” DOMINGO 29 DECEMBRO 2024.

Art. 1.- OBXETO.

Establecer as bases de inscrición e regras de participación nas probas da IX Carreira-Andaina “San Silvestre Vilalbesa” que organiza O Concello de Vilalba.

O evento terá unha duración aproximada de 3 horas, dende as 15:30 ata as 18:30 horas do **domingo 29 de decembro de 2024** e comezará coas carreiras dos máis pequenos sobre as 16:30 horas aproximadamente.

A proba celébrase no núcleo urbán por distintas rúas de Vilalba según os roteiros do anexo, sendo a saída e chegada a Praza da Constitución.

Art. 2.- CATEGORÍAS.

As categorías, clasificacións e distancias a percorrer son as que se relacionan a continuación:

- Categoría **mini**: proba participativa mixta, nados entre 2021-2019, **150** metros.
- Categoría **pitufos e pitufas**: proba participativa mixta, nados entre 2018-2017, **300** metros.
- Categoría **sub 10**: proba participativa mixta, nados entre 2016-2014, **900** metros.
- Categoría **sub 13**: proba participativa mixta, nados entre 2013-2011, **1.800** metros.
- **Andaina**: proba participativa mixta, sen límite de idade, **2.000** metros aproximadamente.
- Categoría **Absoluta**: proba competitiva con cronometraxe con chip e listados de resultados, con clasificación por idades masculina e feminina para nados no 2010 e anteriores, **5.120** metros aproximadamente:
 - **Junior** (sub 18): nados 2010 – 2007.
 - **Absoluta** (+ 18 anos): nados 2006 e anteriores.
 - **Veteranos/as** (+ 35 anos): nados no 1989 e anteriores.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

Art. 3.- INSCRIPCIÓN.

As inscricións **de balde** para todas as probas serán dende o día seguinte á publicación destas bases e ata o **23 de decembro as 23:59** na web: championchipnorte.com, podendo participar calquera persoa correctamente rexistrada na categoría correspondente según a súa idade.

Non se aceptan inscricións por teléfono, correo electrónico ou presencial.

Art. 4.- HORARIO DAS PROBAS.

As carreiras de menores terán carácter participativo.

- 16:30 - **mini**.
- 16:40 - **pitufos e pitufas**.
- 16:50 - **sub 10**.
- 17:05 - **sub 13**.

A carreira abosluta será competitiva, con cronometraxe, resultados por idades (junior, absoluta e veteranos/as) masculina e feminina.

- 17:30 - **Absoluta (Junior, absoluta, veteranos/as) e Andaina**

Art. 5.- RECOLLIDA DE DORSAIS.

Na Casa da Cultura:

- Xoves 26 de decembro de 17:30 a 20:00.
- Venres 27 de decembro de 11:00 a 13:00 e de 17:30 a 20:00.
- Sábado 28 de decembro de 11:00 a 13:00.

Na praza da Constitución:

- Domingo 29 de decembro de 15:30 a 16:30.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

Art. 6.- DESENROLO DAS PROBAS

Coa finalidade de facer que o evento sexa o máis festivo posible para despedir o ano, tódolos participantes poden asistir disfrazados.

En tódalas carreiras de menores, non está permitido que os pais, nais ou titores dos nenos e nenas corran á súa beira.

Na Andaina ao non existir límite de idade poden participar dende recén nados no seu carro e a súa familia, ata os máis maiores. Tamén poden participar donos coa súa mascota sempre e cando, a mascota, leve o material idóneo para a seguridade dos participantes e o evento en si. Na andaina poden participar todos os participantes das categorías menores, non sendo necesaria a adquisición dun novo dorsal para a andaina.

Art. 7.- PREMIOS.

Art. 7.1.- CARREIRAS MENORES

Medallas para tódolos participantes (entrega á chegada dos deportistas á meta).

Art. 7.2.- CATEGORÍA ABSOLUTA

Trofeo para o 1º, 2º e 3º clasificado/a masculino e feminina nas categorías:

- Junior
- Absoluta
- Veteranos/as

Art. 7.3.- AGASALLO DE PARTICIPACIÓN

Agasallo para todos os participantes que rematen as probas.

Art. 8.- RESPONSABILIDADE.

No momento da inscrición, o participante ou o seu representante, manifesta atoparse físicamente apto para percorrer a súa distancia. A participación no evento levarase a cabo baixo a responsabilidade e propio risco do participante no que respecta ao seu estado de saúde. Ademais, deberá ter en conta o respecto e cumprimento da normativa sobre seguridade viaria. A organización declina toda responsabilidade dos danos que os participantes poidan ocasionar durante a proba, ou derivar deles a terceiros.

Os participantes contará cun seguro de asistencia sanitaria que contará como mínimo coas prestacións mínimas do Seguro Deportivo Obligatorio Deportivo establecidas no

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815





Concello de Vilalba

Real Decreto 849/1993, de 4 de xuño. En caso de accidente ou lesión durante as carreiras, os participantes deben poñelo inmediatamente en coñecemento da organización ou dos servizos de asistencia sanitaria presentes no evento para tramitar o correspondente parte de accidentes.

Art. 9.- MODIFICACIÓN DAS BASES.

A organización resérvase o dereito de modificar as presentes bases e de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada nas mesmas.

Art. 10.- ACEPTACIÓN DAS BASES DE PARTICIPACIÓN NAS CARREIRAS

A inscrición e participación na IX Carreira-Andaina "San Silvestre Vilalbesa" 2024 supón a aceptación das normas.






Concello de Vilalba

ANEXO. ROTEIROS POR CATEGORÍA

CARREIRAS 1 e 2

- Categoría **mini** (2021-2019) 150 m.
- Categoría **pitufos e pitufas** (2018-2017) 300 m. ida e volta.



- Ligazón ao roteiro: <https://acortar.link/9QT4s2>






Concello de Vilalba

CARREIRAS 3 e 4

- Categoría **Sub 10** (2016-2014) 750 m.
- Categoría **Sub 13** (2013-2011) 1.500 m. (x2 voltas)



- Ligazón ao roteiro: <https://acortar.link/zjIEfB>

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815






Concello de Vilalba

CARREIRA 5

- Categoría **Absoluta (Junior, absoluta, veteranos/as)** (2010 e anteriores)
5.150 m. aproximadamente (x2 voltas).



- Ligazón ao roteiro: <https://acortar.link/Zo5ROz>

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815






Concello de Vilalba

CARREIRA 6

- Categoría Andaina (sen límite de idade), 2.000 m.



- Ligazón ao roteiro: <https://acortar.link/dNusZa>

Bases aprobadas por Decreto da Alcaldía na data sinalada á marxe.

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 Lugo. Tfno. 982510305. Fax: 982511815

